

MONEREO PÉREZ, J. L. (dir.) (2011)

*Los derechos de libertad sindical y de negociación colectiva en una perspectiva comparada.*

Granada, Comares, 602 pp.

### **María Asunción López Arranz**

Profesora colaboradora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Os diversos relatorios plasmados no libro poñen de manifesto a utilidade do enfoque comparatista no dereito, e concretamente no relativo á liberdade sindical e a negociación colectiva. Tal perspectiva permite ir para alén das circunstancias específicas e diferentes dos diversos ordenamentos xurídicos, e estudar a similitude de problemas, institucións e sistemas normativos de regulación, así como as súas diferenzas. Así, pode apreciarse ao longo dos estudos comparatistas o peso que teñen as tradicións culturais no desenvolvemento do sindicalismo e a negociación colectiva en cada país. Por outro lado, é innegable a influencia que tiveron no sistema de relacións sindicais dos países os marcos supranacionais como a Unión Europea e outras institucións internacionais.

Da situación actual e dos cambios estruturais formulados neste importante campo cabe sinalarmos que ás relacións laborais lles son inherentes os conflitos, a inestabilidade e a implicación intrínseca do poder público e do sistema xurídico, por iso poderían cualificarse de sistemas xuridificados e institucionalizados. Neste sentido, nas últimas décadas vén falándose da crise da representatividade sindical e dos fluxos e refluxos dos denominados modelos de neocorporativismo democrático. E, ademais, non deixa de apreciarse o forte condicionante do sistema político na conformación do sistema de relacións laborais. É innegable a función sociopolítica dos intereses colectivos.

Realmente é significativo o número de estudos realizados sobre esta concreta realidade no traballo colectivo obxecto da publicación que aquí se salienta, realizada baixo a dirección de José Luis Monereo Pérez (catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Granada) e en que participan vinte e catro investigadores máis procedentes de diferentes universidades españolas (Universidade de Xaén, Universidade de Granada, Universidade de Huelva, Universidade de Málaga) e da Arxentina (Universidade de Bos Aires), o Brasil (Universidade Católica de Pernambuco) e o Uruguai (Universidade de Montevideo).

A presenza de todos eles xustifica a estrutura da obra en cuestión, que obedece, así mesmo, ao emprego dunha metodoloxía de estudo e investigación comparada que permite situar o estudo do sistema de relacións laborais, e concretamente da liberdade sindical e a negociación colectiva, nun contexto internacional. Este traballo colectivo consta dun *Prólogo* de presentación do Encontro Internacional sobre os Dereitos de Liberdade Sindical e Negociación Colectiva nunha Perspectiva Comparada, que tivo lugar en Granada os días 11-13 de novembro de 2009, e aparece formalmente dividido en tres partes referentes ao sistema de relacións laborais nunha perspectiva comparada:

a) *Parte un. A liberdade sindical*, sobre modelos sindicais, organización e acción sindical no plano supranacional, representación sindical e novas formas de organización empresarial, sindicación dos traballadores autónomos, tutela xurídica da liberdade sindical, liberdade sindical dos estranxeiros, procedemento de solución extraxudicial de conflitos colectivos, e dereitos de participación-implicación dos traballadores na sociedade anónima europea.

b) *Parte dúas. A negociación colectiva*, en que se desenvolven as funcións da negociación colectiva, a configuración e eficacia dos convenios, modelos comparados europeos, suxeitos da negociación, intervención estatal, configuración e eficacia dos convenios colectivos, suxeitos da negociación nunha perspectiva comparada, intervención estatal e configuración da estrutura da negociación na Arxentina, renovadas funcións da negociación, responsabilidade legal das empresas transaccionais, cláusula de descolgamento salarial, o dereito á negociación colectiva no emprego público, negociación e dereito flexible do traballo, negociación colectiva en materia de prevención de riscos laborais e formación profesional, eficacia persoal dos convenios colectivos nunha perspectiva comparada: España e Italia.

c) E a *Parte tres. Conferencia de clausura*, acerca do interese colectivo e as limitacións e a bilateralidade deste.

A complexidade dos modelos de regulación xurídica das relacións colectivas de traballo puxo en xogo arestora a estabilidade do dereito sindical. En efecto, a pesar das datas en que se publica este libro, de importantes modificacións xurídicas tanto no noso país como noutros, o tema é de candente actualidade en 2011. A crise e as situacións de incerteza que vivimos formularon novas canles das relacións laborais colectivas e modificacións importantes nos axentes sociais. Os temas son realmente interesantes, xa que abranguen un amplo abano de estudo da problemática e as tendencias cara ás cales se dirixen as relacións colectivas nos ámbitos nacional e internacional.